

# XESÚS CONSTELA

---

---

Documentos para prensa  
[www.xesusconstela.com/prensa](http://www.xesusconstela.com/prensa)  
Actualizado o 26/09/12

---

---

**BIOGRAFÍA**

**OBRA**

**DOSSIER  
DE PRENSA**

# Biografía

Nacín no Ferrol de antes das reconversións industriais un 2 de xaneiro de 1963 e escribo dende que teño uso de razón, aínda que a verdade é que non teño moita conciencia de cando foi a primeira vez que o fixen. O que si podo dicir é que con moita felicidade lembro con perfecta nitidez os primeiros pasos que daba a miña man polo papel cando a miña mestra de preescolar me ensinaba a debuxar letras. Ese, e non outro, foi o comezo da miña viaxe polos adorados ríos de tinta.

Co paso do tempo cheguei a crer que me nacera un manancial no interior e que tiña que abrir unha billa para deixar que a auga puidese alcanzar o exterior. Así foi como descubrín a miña vocación de escritor. Así mesmo, e non doutro xeito. E non sei que podería acontecer dentro de min se non abrise de vez en cando a billa para permitir a saída do que ás veces son verdadeiras enxurradas de ideas.

Non sabería dicir con moita exactitude cando escribín algo consciente de que podía ser lido por outras persoas. Quizais fose con “*Tiñádelo que ver*”, un relato incluído n’*As humanas proporcións*. Podería dicir que logo de escribilo tiven a sensación de que ía botar unha mensaxe pola fiestra da miña casa e a saber quen podería recollela cando chegase abaixo.

Na década dos anos oitenta, cando estudaba na Universidade de Salamanca, un grupo de amigos constituímos unha especie de faladoiro literario (sempre comezabamos con literatura e rematabamos con outras cousas) no que intercambiabamos textos de produción propia. Reuníamonos no primeiro piso dunha cafetería na que teño recitado moitos poemas en galego que logo sempre traducía ao castelán para unha audiencia de variadas orixes. Esas conversas, faladoiros, reunións, xuntanzas, como queira que se puidesen chamar (nunca lles puxemos nome) deron orixe a unha revista de creación literaria que veu a luz en tres ocasións baixo o título de *Ancilla*.

Nesa revista, editada dun xeito completamente artesanal, apareceron arredor de oito poemas meus coas súas correspondentes traducións ao castelán. Pola mesma época publiquei algún outro poema (un deles deu orixe a un relato que aparece n’*As humanas proporcións*) en revistas de asociacións de veciños das que desgraciadamente non conservo ningún exemplar. Estes son os primeiros textos que publiquei na miña vida. Gárdoos coma un tesouro no baúl das miñas mellores lembranzas.

Licencieime en filoloxía inglesa na Universidade de Salamanca no ano 1986 e marchei a Barcelona, cidade da que ás veces teño saudades mestas coma néboas de inverno. Dende ese momento dediquei a miña vida ao ensino da lingua inglesa en institutos de secundaria, traballo que me fixo cambiar moitas veces de residencia (Santiago, Ferrol, Monforte, Pontevedra) até chegar a Poio, vila onde resido e traballo na actualidade.

Lector de prosa infatigábel, un día decidín verter nunha serie de relatos as cousas que ía destilando a miña cabeza e dese xeito tan sinxelo naceron *As humanas proporcións*. Cal non sería a miña felicidade cando no ano 2003 vin o meu labor recoñecido co premio de narrativa Torrente Ballester. Publicado por Editorial Galaxia en setembro de 2004, en marzo de 2005 o libro recibiu o premio da Asociación Española de Críticos Literarios na súa modalidade de narrativa en galego.

Dende 2003 até 2009 colaborei de xeito habitual no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* nunha sección titulada “*Enfiando*” cunha serie de artigos que teño recollidos nun cartafol que bauticei como “*Cadernos da Coruxa*”, onde tamén gardo colaboracións esporádicas co desaparecido semanario *A Nosa Terra*.

No ano 2007 publiquei a novela *Libro das alquimias*, que sempre concibín coma un agasallo para os meus fillos. Trátase dunha obra con moitas posibilidades de lectura e contén moitos ingredientes que poderían explicar as miñas afeccións escritora, lectora e viaxeira (ás veces dou en pensar se de verdade non atoparía de verdade un dos seus protagonistas, ese vello bibliotecario errante e anónimo ao que collín un agarimo enorme mentres escribía a novela, un agarimo que aínda manteño). Toda a historia contida no *Libro das alquimias* parte da miña idea de que cada vez que temos un libro entre as mans estamos a nos mergullar no seu interior. E facémolo dun xeito case físico.

Se a lectura é boa sentiremos frío e sentiremos calor, sentiremos medo e tamén riremos, e choraremos, e nos emocionaremos da man dos seus personaxes. Iso, e non outra cousa, é para min a lectura: unha viaxe (polas páxinas dun libro) que sempre resulta apaixonante.

A miña escrita sempre obedece a un mesmo esquema: a realidade achega unha idea que eu teimo en traballar coma un pasteleiro que traballa a masa dun (futuro) biscoito. Plasmoo esa idea primixenia xa traballada nun papel (a través da computadora, nunca a man) e déixoa repousar (ás veces anos) para retomala ao cabo dun tempo e empezar a transformala pouco a pouco. Ás veces xunto tres, ou catro, ou cinco ideas e con elas constrúo algo diferente do que inicialmente artellara. Unha vez construído un bo armazón dedico todo o tempo do mundo a decoralo ate que me sinto satisfeito. É un proceso longo e bastante laborioso.

Esta idea da realidade que se transforma da man do escritor/creador deixei en gran parte plasmada no argumento de *Shakespeare destilado*, que gañou o premio Manuel García Barros no ano 2008 e foi publicada por Editorial Galaxia. Deseñei esta novela coma un divertimento mordaz e irónico acerca da miña concepción do feito literario: a literatura “bébese”, “procésase estomacalmente” e logo “vomítase”... Paseino tan ben escribíndoa!.

En 2008, baixo o título de *Como se fixo o primeiro alfabeto*, publiquei en Edicións Embora a tradución e adaptación de dous contos do libro *Just So Stories for Little Children* de Rudyard Kipling.


No ano 2012 Edicións Xerais de Galicia editou a miña cuarta novela, titulada *15.724*, na que través dun xogo de diversas voces narradoras retrato as forzas do sentimento que agroma entre irmáns e irmás, eses vincallos invisibles que ninguén nin nada pode romper, ademais de asuntos como a fronteira entre a cordura e a tolemia ou o concepto de submisión e a aplicación da pena de morte.

E que virá agora?

Pois agora abrirei a billa e copiarei todo canto vexa que vai aparecendo, todo canto o meu manancial me vaia ditando...

# As humanas proporcións

(Galaxia 2004)



As humanas proporcións configura unha proposta literaria que trata de sorprender o lector ao desmontar convencións e tópicos mediante un estilo directo e orixinal.

Os relatos d 'As humanas proporcións están escritos con técnicas diversas, que configuran unha proposta literaria cunha linguaxe, en palabras da crítica, arriscada e efectiva. O libro descobre unha dimensión nova do mundo cotián percorrendo todas as facetas da vida humana: o nacemento e a vellez, o corpo vivo cambiante, e tamén a desesperación e a morte, o poder e a procura da liberdade, a violencia individual e a social, o amor e a parella.

"As lembranzas todas"

"Non escoites a Giovanna"

"Celia e o príncipe"

"Onde estás, meu amor, Sangare?"

"Lily"

"Algarismos"

"Burbulla"

"Geographos"

"A sementadora de estrelas"

"Son unha raia"

"Tiñádelo que ver"

"Na fraga"

## **Galardoada co Premio Torrente Ballester no ano 2003:**

Convocado pola Deputación de A Coruña.


O xurado, integrado por Ángel Basanta, José María Merino, Luis Mateo Díez, José María Guelbenzu, Pedro Sorela, José Antonio Ponte Far, Alfredo Conde, Rubén Abella e Marcos Ricardo Barnatán, salientou o carácter de "fábulas contemporáneas duns relatos construídos en clave fantástica de xeito experimental e con moito enxeño".

## **Tamén recibiu o Premio da Crítica da Asociación Española de Críticos Literarios no 2004:**

Na modalidade de narrativa en galego.

# Libro das alquimias

(Galaxia 2007)



Un rapaz que está a descubrir o mundo encontra de pronto, no local da antiga mercería que había no baixo da súa casa, a presenza dun vello e misterioso bibliotecario que sen que el se decate, e coa axuda dun pequeno libro de pastas vermellas e follas amareladas polo paso do tempo, vai cambiar a súa vida para sempre, porque da súa man e tamén da man dos libros que amorean sen orde nin concerto vai viaxar, nada máis e nada menos, que á creación e posterior destrución da Biblioteca de Alexandría.

Alí vai coñecer a Hypatia, a súa derradeira directora, morta sen piedade en mans dos monxes paraboláns que actuaban baixo as ordes de Cirilo de Alexandría dentro da onda de represión que acompañou a extensión do cristianismo.

O neno do principio vai medrando e acaba por ser un recoñecido escritor que entrega a súa vida á permanente procura dese vello a quen tanto debe.

# Shakespeare destilado

(Galaxia 2008)




Un home bébedo conta a historia dun amigo, Willy, que vive pechado nun piso de onde nunca sae. Alí constrúe, casa a casa e rúa a rúa, a maqueta dunha cidade. Un mundo que vai cobrar vida ata se impoñer á realidade. A novela é unha metáfora burlesca da literatura concibida como un monólogo -con ritmo e humor- no que os sonetos de Shakespeare e os gin tonics van mesturándose nunha cocteleira que se axita na procura de diversión e liberdade literaria.

## **Galardoada co Premio M. García Barros no ano 2008:**

Convocado polo Concello de A Estrada.

Segundo o fallo do xurado composto por Luís Alonso Girgado, Xosé Manuel Eyré, Carlos Lema, Armando Requeixo e Valentín García Gómez a novela gañadora é “especialmente valorábel por tratarse dun monólogo narrativo, escrito cunha linguaxe coloquial que utiliza recursos rítmicos como a repetición con fins paródicos. A novela é unha metáfora burlesca da literatura que pon en entredito a ficción tradicional como convención e xoga coa tradición literaria de Shakespeare para acabar constituíndo un divertimento en busca da liberdade literaria e da esencia da escrita.”

## 15.724


*(Xerais 2012)*

Cun enorme poder metafórico, 15.724 trasládanos a unha Patria «asentada no lombo dunha ave durmida» que está presidida pola figura do Gran Mariscal e ten como símbolo intocable o armadillo da súa bandeira. A través dunha narrativa distanciada que nos amosa unha xeografía dominada polas Leis do Libro dos Protocolos, o código que «ditaba as pautas, contaba e clasificaba o tempo, sinalaba a velocidade, deseñaba metas e marcaba obxectivos», imos coñecendo esa Patria, na que se desencadea a traxedia de toda unha familia. En Vila Estrelecida, Mamá Monte coida dos seus netos Samuel R., Nube e Gordo. A partir da morte de Nube, o seu xemelgo, Gordo, cae nun estado de aletargamento que cambiará o destino da súa vida e obrigará a Samuel R. a afrontar unhas circunstancias terriblemente difíciles. E mentres Leo K. vai publicando na Gaceta do Val unha serie de artigos de opinión que marcan as pautas da boa ética dos habitantes da Patria, Gordo convértese no centro de atención de todas as olladas. Que pode facer Samuel R. para deter o reloxo e axudar o seu irmán?

# Como se fixo o primeiro alfabeto (tradución)

(Edicións Embora 2011)

RUDYARD KIPLING. Traducido e adaptado por Xesús Constela



Os dous relatos incluídos neste libro, *Como se fixo o primeiro alfabeto* e *Como se escribiu a primeira carta* forman parte do volume de contos *Just so stories*, que Kipling publicou en 1900. Escribíraos para Josephine, a súa filla, e moitos naceran como narracións orais que pasaron logo ao papel. Estes dous relatos nunca se publicaran en galego. A tradución é de Xesús Constela.

JOSEPH RUDYARD KIPLING (Bombai, 1865 - Londres, 1936), foi o primeiro escritor británico en recibir o Premio Nobel de Literatura (1907). Aínda hoxe está considerado un dos mellores escritores de relatos da historia da literatura e é recordado polas súas obras *O libro da selva* (1894), a novela de espionaxe *Kim* (1901), ou o relato *O home que puido ser Rei* (1888), que levou ao cine John Huston.